



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

Expediente Núm. 2025/E001/000008

Expediente Núm. 2026/E001/000007 (procedemento de ampliación da bolsa)

Expediente Núm. 2026/G003/000241 (nomeamento de Tribunal)

Expediente de Decreto Núm. 2026/G003/000281 (apertura extraordinaria prazo-posto XEFE/A BRIGADA)

ASUNTO: Apertura extraordinaria de prazo para a incorporación de novos aspirantes á bolsa do proceso selectivo de persoal laboral temporal da brigadas de incendios exclusivamente para o posto de XEFE DE BRIGADA.

DECRETO DE ALCALDÍA

Don Manuel Ángel Leis Míguez, Presidente da Mancomunidade de Concellos do Tambre, na provincia da Coruña;

Por Decreto de Alcaldía número 206/2026 de data 14/05/2026 e tendo en conta o establecido no punto décimo das bases aprobadas por decreto de alcaldía nº249/2025 do 18 de xullo de 2025 e vixentes ata o 31 de decembro de 2027, aprobouse a bolsa para formar a brigada de prevención e extinción de incendios do ano 2026-2027.

No mesmo Decreto resolveuse ampliar a bolsa do proceso selectivo de 5 prazas de persoal laboral temporal da brigadas de incendios do ano 2025 (3 peóns de brigadas, 1 peón condutor e 1 Xefe de brigada) aprobada por decreto de alcaldía n.º 249/2025 de data 18 de xullo de 2025, para crear unha bolsa de suplentes en previsión a posibles baixas e ordenouse a Publicación das “Bases do proceso selectivo de 5 prazas de persoal laboral temporal da brigadas de incendios do ano 2025 (3 peóns de brigadas, 1 peón condutor e 1 Xefe de brigada)”, aprobadas por decreto nº 249/2025, de data 18 de xullo de 2025, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Negreira, outorgando un prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Tribunal cualificador na acta de data 19/06/2026 cita ós aspirantes para o martes 23 de xuño de 2026 para a realización da proba



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

do banco que é, de acordo coas bases que rexen o proceso, eliminatoria sen que se presentasen ás mesmas ningún dos aspirantes admitidos nesa categoría (nin titular nin suplentes).

Tendo en conta que de acordo coa normativa reguladora as brigadas de incendios NON se poden constituír sen Xefe de brigada e considerando as particularidades do termo municipal de Negreira no que existe unha grande extensión de monte e zona rústica e á vista das altas temperaturas que, a estas datas, xa se están a producir, supón urxente, vital e imprescindible contar cunha brigada de incendios para poder actuar o máis axiña posible no caso de producirse incendios forestais que afecten a este termo municipal de Negreira

Tendo en conta todo o anterior e en cumprimento das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- A apertura extraordinaria de prazo para a incorporación de novos aspirantes á bolsa do proceso selectivo de persoal laboral temporal da brigadas de incendios do ano 2026-2027.

Esta apertura extraordinaria de prazo é **exclusivamente para o posto de XEFE/A DE BRIGADA.**

O prazo para as novas solicitudes estará aberto desde a publicación do presente Decreto na Sede Electrónica do Concello de Negreira ata o venres día 26 de xuño de 2026 as 14:00 horas.

Xustifícase a brevidade do prazo outorgado na urxencia da formación da brigada de incendios vista a ola de calor que se están producindo e o extremo risco de incendios existente.

Segundo.- Dar conta deste Decreto ó Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que celebre.



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

Negreira, na data das sinaturas electrónicas.

O alcalde
D. Manuel Ángel Leis Míguez

Ante min,
A Secretaria accidental
D^a Patricia Barreiro Casal

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE